

“BASES QUE REXERÁN NO PROCEDIMENTO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A INVESTIMENTOS EN INSTALACÍONS DEPORTIVAS E PARA EQUIPAMENTOS DEPORTIVOS REALIZADOS POR CONCELLOS DA PROVINCIA DE LUGO” (ANUALIDADE 2009)

BASE 1.- Finalidade

Son obxecto de subvención e, polo tanto incluídas dentro destas bases, os investimentos para a mellora, acondicionamento e reforma de instalacións deportivas de titularidade pública por parte das entidades locais, que executados durante o ano 2009 afecten directamente ao desenvolvemento da práctica deportiva ou foran realizados con motivo de danos causados polo temporal nestas instalacións.

Para estes efectos considéranse subvencionables aqueles investimentos realizados que garden relación directa cos espazos dedicados á práctica deportiva e as edificacións auxiliares que puidesen estar vinculadas con aqueles e con especial incidencia sobre:

- Os terreos ou pistas de xogo
- A iluminación
- Os vestiarios
- A estanquidade da instalación
- A climatización
- A introdución de medidas de eficiencia enerxética e enerxías renovables
- A eliminación de barreiras arquitectónicas
- A accesibilidade a zonas de práctica deportiva
- A adaptación da instalación ao cumprimento das normativas vixentes que afecten directamente á práctica deportiva.

Tamén terán a consideración de gastos subvencionables aqueles investimentos que garden relación directa coas reparacións dos desperfectos causados polos temporais sobre as instalacións deportivas municipais.

Non serán obxecto de subvención, en ningún caso, aquelas actuacións que se pretendan realizar sobre bens de titularidade municipal, cando o soliciten entidades deportivas privadas.

Tamén son obxecto de subvención e polo tanto, incluídas dentro destas bases a adquisición de todo tipo de equipamento deportivo inventariable por parte das entidades locais para ser destinado á práctica deportiva ou á realización de adestramentos. Non serán subvencionables as equipacións deportivas e o material didáctico – deportivo de carácter funxible ou pequeno material como balóns ou material análogo.

BASE 2.- Gastos subvencionables

Enténdese por gastos subvencionables os que respondan indubidablemente á natureza do investimento ou adquisición cuxo importe presentado sexa o custo soportado pola entidade local beneficiaria das axudas públicas.

Para os efectos do disposto no artigo 31.1 e 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, considérase gasto realizado o que se acredite coa presentación das facturas e/ou xustificantes de gasto, sen que sexa necesario que o mesmo se atope pagado nin que se acredite o seu pagamento.

BASE 3.- Beneficiarios

Poderán acollerse a estas bases aquelas entidades locais que o soliciten no momento da convocatoria de acordo co establecido nas mesmas, tendo consideración de beneficiario da subvención a entidade destinataria dos fondos públicos para a acción que, dentro das finalidades das bases, se encontre na situación que lexítima a súa concesión.

En xeral, poderán solicitar subvencións ao amparo destas bases as entidades locais da provincia de Lugo, e sempre que as accións que desenvolvan cumpran o obxecto destas bases.

Non poderán obter a condición de beneficiario das subvencións, os que incorran en:

- a) Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- b) Solicitar a declaración de concurso, ser declarados insolventes en calquera procedemento, acharse declarados en concurso, estar suxeitos a intervención xudicial ou ser inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- c) Dar lugar, por causa da que fosen declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa administración.
- d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que ostenten a representación legal doutras persoas xurídicas, nalgún dos supostos da Lei 12 /1995 de 11 de maio, de incompatibilidades dos Membros do Goberno da Nación e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/ 1984 de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas, ou tratarse de calquera dos cargos electos regulados na Lei Orgánica 5 / 1985 de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral nos termos establecidos na mesma ou na normativa autonómica que regule estas materias.
- e) Non acharse ao corrente do pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determinen
- f) Non acharse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
- g) Ser sancionado mediante resolución firme coa perda de obter subvencións segundo a Lei Xeral Tributaria.
- h) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

- i) Non poderán solicitar subvención ao amparo destas bases as entidades locais que xa teñan concedida unha axuda de concesión directa desta Deputación para a mesma acción.
- j) Non poderán solicitar subvención ao amparo destas bases as entidades locais que soliciten subvención para unha acción que xa obtivo unha axuda pública ou subvención da Deputación Provincial de Lugo.

BASE 4.- Obrigas dos beneficiarios

- a).- Aceptar a subvención. No caso de que os beneficiarios non comuniquen a esta Excma. Deputación Provincial, no prazo máximo de quince días, a partir da notificación do outorgamento, a renuncia, entenderase que a subvención é aceptada.
- b).- Cumprir o obxectivo, realizar a acción ou adoptar ou comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.
- c).- Acreditar ante a Excma. Deputación Provincial a realización da actuación ou a adopción do comportamento, así como o cumprimento dos requisitos e condicións que determinen a concesión ou goce da subvención.
- d).- O sometemento ás actuacións de comprobación, a efectuar por esta Excma. Deputación Provincial, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- e).- Comunicar á Deputación Provincial a obtención de subvencións para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou Entes Públicos ou privados, nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- f).- Acreditar que se acha ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, se é o caso. A dita acreditación poderá realizarse mediante declaración baixo a súa responsabilidade. No entanto, a Deputación Provincial, poderá solicitar, se así o considera, que esta se efectúe mediante a presentación dos documentos expedidos regulamentariamente polos Organismos correspondentes.
- g).- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- h).- Identificar convenientemente, para os efectos de difusión pública, as actuacións que se realicen.
- i).- Os perceptores da subvención poderán contratar o 100% do importe dos proxectos obxecto da mesma.
- k).- Os beneficiarios da subvención incluírán a imaxe corporativa da área de Deportes - Vicepresidencia primeira da Excma. Deputación Provincial e utilizarán o idioma galego en todos aqueles soportes que, ao uso, as entidades utilicen para publicitar a acción ou comportamento subvencionado. Así mesmo, utilizarán o idioma galego a nivel verbal en todos aqueles actos do plan de comunicación da acción ou comportamento. A imaxe será cedida pola Institución Provincial.

Non existirá a posibilidade de efectuar pagamentos anticipados e aboamentos a conta das subvencións concedidas.

BASE 5.- Carácter da subvención

As subvencións que se concedan terán carácter voluntario e eventual, asimesmo a Corporación Provincial, por medio da Xunta de Goberno, e, como medida de garantía a favor dos intereses públicos, poderá revisalas ou, se é o caso, revogalas ou reducilas en todo momento; non xerará ningún dereito á obtención doutras subvencións en anos posteriores e non poden alegarse como precedente.

En calquera caso, a Deputación Provincial, quedará exenta de toda responsabilidade civil, mercantil, laboral ou de calquera tipo que se derive das actuacións ás que queden obrigados os beneficiarios das subvencións.

BASE 6.- Orzamento

A cantidade destinada para a concesión de “SUBVENCIONES DESTINADAS A INVERSIONES EN INSTALACIONES DEPORTIVAS E PARA EQUIPAMENTOS DEPORTIVOS REALIZADOS POR CONCELOS DA PROVINCIA DE LUGO” ano 2009, será de cento setenta e cinco mil euros (175.000 €) con cargo a partida 4522/762 do orzamento do presente ano 2009 e contemplada no Plan Estratégico de subvencións desta Excm. Deputación Provincial de Lugo, área de Deportes na súa liña de actuación A.2. apartado a).

De acordo co Plan estratégico de subvencións desta Excm. Deputación Provincial e sempre que haxa consignación orzamentaria na liña de actuación, poderán atenderse peticións que se poidan formular ao longo do exercicio orzamentario que por circunstancias novas ou por causas imprevisibles e outras excepcionais, non puidesen presentarse no prazo establecido na oportuna convocatoria e que se atean a finalidades análogas ás destas bases.

A distribución da partida nas diversas finalidades destas bases quedará constituída en función das necesidades globais da acción subvencionadora do organismo e sempre atendendo ao cumprimento con máxima eficiencia da promoción deportiva na provincia de Lugo.

BASE 7.- Convocatoria

O órgano competente para a convocatoria do procedemento será o Ilmo. Sr. Presidente da Excm. Deputación Provincial.

BASE 8.- Avaliación das solicitudes

A solicitudes serán estudadas e resoltas pola Xunta de Goberno tras a proposta formulada por unha Comisión de valoración, constituída da seguinte forma:

PRESIDENTE:

O Ilmo.Sr. Presidente da Deputación Provincial ou Deputado en quen delegue ou o substitúa legalmente.

VOGAIS:

- a) Un representante do grupo provincial do PSOE
- b) Un representante do grupo provincial do BNG
- c) Un representante do grupo provincial do PP
- d) O Deputado Delegado de Deportes
- e) O Secretario Xeral da Corporación ou funcionario en que delegue ou o substitúa
- f) A Interventora Xeral da Corporación ou funcionario en que delegue ou a substitúa

SECRETARIO:

O Secretario Xeral Adxunto ou funcionario en que delegue ou o substitúa.

O Presidente da Comisión poderá dispor a presenza doutros membros con funcións de asesoramento.

Corresponde á comisión de valoración formular a proposta de resolución. A proposta, que non terá carácter vinculante, deberá expresar o solicitante ou a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, e a súa contía, baixo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, téndose en conta, así mesmo, para a concesión das subvencións os seguintes criterios:

Criterios e baremo para investimentos para a mellora, acondicionamento e reforma de instalacións deportivas

O plan de uso da instalación deportiva	Ata 30 puntos
Grao de financiamento propio	Ata 40 puntos
Interese da actuación	Ata 30 puntos
Urxencia da actuación	Ata 30 puntos
Número de instalacións deportivas	Ata 30 puntos
Numero de habitantes	Ata 20 puntos
Número de entidades deportivas	Ata 20 puntos

Criterios e baremo para adquisición de equipamento deportivo inventariable

Cobertura das necesidades básicas	Ata 30 puntos
Número de instalacións deportivas	Ata 30 puntos
Relación de m ² de espazo dep. por habitante	Ata 30 puntos
Grao de financiamento propio	Ata 40 puntos
Número de entidades deportivas	Ata 30 puntos
Numero de habitantes	Ata 20 puntos
Número de centros educativos	Ata 20 puntos

A Xunta de Goberno poderá, excepcional e motivadamente, aplicar outros criterios obxectivos que non estean relacionados nos anteriores.

BASE 9.- Importe da subvención

A subvención que a Deputación Provincial pode conceder non excederá, en ningún caso, do establecido na seguinte táboa para cada finalidade:

FINALIDADE	MÁXIMO
Investimentos para instalacións deportivas	6.000 €
Investimentos con motivo de danos causados polo temporal	6.000 €
Adquisición de equipamento deportivo inventariable	3.000 €

Tendo o dito importe o carácter de certo, sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da acción ou comportamento.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións outorgadas por outras Administracións, Entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión.

A Xunta de Goberno so concederá unha subvención a cada actividade, acción ou comportamento para os efectos de que haxa máis dun participante no concurso que solicite axuda para a mesma acción.

A Xunta de Goberno pode decidir ratear os importes inicialmente adxudicados ás distintas solicitudes no caso de que o crédito dispoñible resulte insuficiente para atender ás mesmas.

O importe das subvencións, en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras Administracións ou Entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da acción ou comportamento.

BASE 10.- Solicitudes

As solicitudes formularanse nos modelos oficiais, os cales serán facilitados directamente pola Deputación Provincial.

As entidades poderán solicitar só unha subvención no marco desta convocatoria.

As solicitudes deben ser subscritas polos peticionarios, debidamente cubertas e escritas de forma lexible en todos os seus apartados.

Acompañaranse á solicitude aqueles documentos requiridos para cumprir a condición de beneficiario e aqueles que conveñan para a definición da axuda en función das finalidades establecidas nestas bases.

A non presentación da documentación ou omisión de datos de xeito total ou parcial terá como consecuencia a non valoración dos criterios establecidos que non estean suficientemente xustificadas.

Os documentos necesarios para cada unha das finalidades son:

Para investimentos para a mellora, acondicionamento e reforma de instalacións deportivas

- Proxecto técnico ou memoria valorada indicando a xustificación da necesidade e a finalidade da actuación obxecto de solicitude da subvención, o orzamento estimativo de gastos e a financiamento propio para levar a cabo a actuación. Cando o importe do investimento supere a contía de 30.000 €, será necesaria a presentación dun mínimo de tres ofertas de diferentes provedores, de acordo co disposto no artigo 31.3 da LXS.

- Declaración responsable do representante da entidade local dos datos referentes aos criterios da finalidade.

- Certificación do secretario municipal do acordo adoptado polo órgano competente da entidade local solicitante pola que se aproba a realización da actuación, se é o caso, condicionado pola concesión da subvención solicitada.

- Compromiso de obtención de licenzas e autorizacións preceptivas para os efectos de cumprimento da legalidade urbanística, e ao respecto e protección do patrimonio histórico – artístico e do medio ambiente.

Para adquisición de equipamento deportivo inventariable:

- Proxecto xustificativo indicando a necesidade e a finalidade do equipamento obxecto de solicitude da subvención, o orzamento estimativo de gastos da adquisición e o financiamento propio para levar a cabo a actuación. Cando o importe da adquisición supere a contía de 12.000 €, será necesaria a presentación dun mínimo de tres ofertas de diferentes provedores, de acordo co disposto no artigo 31.3 da LXS.

- Declaración responsable do representante da entidade local dos datos referentes aos criterios da finalidade.

- Certificación do acordo adoptado polo órgano competente da entidade local solicitante pola que se aproba a compra do equipamento, se é o caso, condicionado pola concesión da subvención solicitada.

Así mesmo todos os solicitantes, deberán acompañar á devandita solicitude:

- Certificación do secretario municipal da identidade do alcalde-presidente da Corporación municipal.

- Certificación do acordo de solicitude de subvención.

- Certificación do secretario de que o inmovible no que se pretende levar a cabo a actuación ou dotar se atopa inscrito no inventario de bens da entidade local ou documento que acredite a titularidade do mesmo.

- Declaración xurada do representante do concello de ter a entidade que representa a condición de beneficiario.
- Declaración xurada do representante do concello de axudas solicitadas e concedidas por outras administracións para a mesma acción ou comportamento.
- Se é o caso, declaración xurada do representante do concello de non dedución do IVE.

Para a realización das xestións necesarias para conseguir a execución da actividade, acción ou comportamento e, se é o caso, percepción da subvención que lle fose concedida.

- Copia do CIF da entidade.
- Certificación bancaria da entidade, expedida por persoa autorizada da Entidade Bancaria, da conta na que se procederá, se corresponde, ao ingreso da correspondente subvención, unha vez tramitada a documentación presentada, na que deberá figurar, como persoa autorizada, o representante ou representantes da entidade.

BASE 11.- Presentación documentación

Toda modelación de impresos oficiais, serán aprobados pola Xunta de Goberno.

A convocatoria que será realizada polo Ilmo. Sr. Presidente e que incluíra o prazo que se conceda para a presentación de solicitudes, será publicada no “Boletín Oficial da provincia” e medios de comunicación social.

Un exemplar da solicitude, será presentado na Deputación Provincial quedando o outro exemplar en posesión dos interesados.

As solicitudes coa súa documentación presentaranse no Rexistro Xeral da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

BASE 12.- Prazos de execución

O prazo máximo de execución da actuación ou comportamento subvencionado será dende o 1 de xaneiro de 2009 ata o 31 de decembro do 2009.

En casos excepcionais, a entidade beneficiaria poderá solicitar unha ampliación do prazo sempre que a actividade, acción ou comportamento a xustificar non houberse concluído pola propia natureza da mesma, sendo a súa resolución adoptada pola Presidencia desta Deputación Provincial.

BASE 13.- Resolución e comunicación

A Xunta de Goberno resolverá definitivamente as subvencións. A resolución, ademais de conter o nome do solicitante ou relación de solicitantes co seu número de solicitude, aos que se concede a subvención, fará constar, se é o caso, de xeito expreso, a desestimación do resto das solicitudes.

Non se concederá subvención algunha ata tanto non se xustificuen axeitadamente subvencións anteriores concedidas pola deputación provincial de Lugo.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de tres meses. O prazo computarase a partir do día en que remata o prazo establecido na convocatoria para presentalas. O vencemento do prazo máximo sen notificarse a resolución, lexítima aos interesados para entender desestimada a solicitude de concesión da subvención.

As resolucións das axudas poderán modificarse no caso de que resulten alteradas as condicións que se tiveron en conta para a súa concesión.

BASE 14.- Xustificación e aboamento das subvencións

Unha vez finalizada a actividade, acción ou comportamento e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción, comportamento ou actividade subvencionada. O incumprimento do prazo dará lugar á perda do dereito a percibir a axuda outorgada.

Aos efectos do alcance económico da conta xustificativa establécese que o mesmo será, como mínimo, ata o importe da subvención concedida.

As xustificacións de aboamento das subvencións presentaranse na área de xestión correspondente coa seguinte documentación:

- Memoria de actuación xustificativa e custo total da actuación realizada sobre o cumprimento das condicións que orixinaron a concesión da subvención explicitando o nivel de logro de obxectivos.
- Acreditación no seu caso, coa achega dos documentos necesarios, de que a imaxe corporativa da Área de deportes da Deputación Provincial de Lugo se inseriu na publicidade ou en outros soportes análogos da actividade, comportamento ou acción subvencionada.
- Declaración do representante da entidade da relación detallada das subvencións ou/e axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou acción ou se é o caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou acción.
- Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do concello do custo total da actuación subvencionada soportado polo concello, acompañada dunha relación clasificada dos gastos realizados ata, como mínimo, o importe da subvención concedida con identificación do acredor e documento, importe e data de emisión, e dunha declaración do representante do concello que manifieste que os gastos relacionados nesta relación clasificada se corresponden cos gastos que soportou a entidade, os cales foron directamente relacionados coa actuación subvencionada e indispensables para a adecuada preparación e / ou a súa execución.

- Declaración responsable do representante do concello de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias ou contra a Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

- Declaración xurada do representante da entidade de que, a acción ou comportamento obxecto da subvención, foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión.

O aboamento da subvención, unha vez aprobada a documentación xustificativa desta, será efectuada mediante transferencia bancaria á conta sinalada polo solicitante. Non se procederá ao seu aboamento se o solicitante non está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

BASE 15.- Prazos de xustificación

Unha vez finalizada a acción ou comportamento e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado.

A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, e a súa presentación realizarase no prazo de tres meses a contar a partires da execución da actuación, en calquera caso, antes do 31 de marzo de 2010.

Para os casos establecidos na base 12ª no parágrafo II, este prazo poderá modificarse atendendo a excepcionalidade e motivación que fundamente a modificación do prazo de execución, do xeito que o prazo de xustificación sexa coherente coa resolución adoptada.

Transcorrido este prazo establecido de xustificación sen haberse presentado a mesma ante o área de xestión competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional levará consigo a revogación da subvención.

BASE 16.- Reducións

Unha vez recibida a conta xustificativa a área de xestión competente revisará a documentación presentada polos beneficiarios comprobando o cumprimento das condicións que motivaron a resolución da concesión da subvención.

No caso de que o importe da subvención concedida illada ou en concorrencia con outras subvencións outorgadas por outras Administracións ou de Entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actuación ou comportamento, procederase a redución da subvención concedida ata que non se supere este custo.

No caso de que o importe dos gastos subvencionables xustificado polo beneficiario non alcance o importe da subvención concedida, reduciráse a subvención en función do alcance da propia conta xustificativa.

Nestes casos, as reducións practicaranse de oficio e de xeito automático sen necesidade de iniciar ningún procedemento previo informe da área de xestión competente.

BASE 17.-Plan anual de Comprobación

Aos efectos de comprobar a realización da actividade, acción ou comportamento e do cumprimento da finalidade que determine a concesión e goce da subvención, a deputación provincial elaborará un plan anual de comprobación cuxo alcance será do 10% do total de solicitudes concedidas. A selección das solicitudes a comprobar realizarase a través dunha mostra aleatoria simple sen reposición dos elementos a realizar a través dun programa informático segundo o número de rexistro das solicitudes que participaron no concurso.

O período de realización das comprobacións comprenderá os dous anos seguintes a partir do peche de todos os expedientes de conta xustificativa da convocatoria.

Os aspectos fundamentais a comprobar serán:

- A execución efectiva da actividade, acción ou comportamento.
- O cumprimento do obxecto da subvención.
- A conta xustificativa ata o importe da subvención concedida.

Os beneficiarios están na obriga de conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control, especialmente, as facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados, na relación clasificada presentada.

- Aqueles datos que pola súa natureza puideron repercutir sobre o proceso de concurrencia competitiva danando dereitos de terceiros.

A deputación provincial poderá realizar este plan de comprobación directamente ou a través da contratación dun servizo externo de auditorías.

BASE 18.- Supostos de reintegro

No caso de que o beneficiario incorra nalgunha anomalía para obter a subvención ou incumprimento da natureza da actuación total ou parcialmente, así como o incumprimento do contido das bases para a concesión das mesmas, a entidade deberá proceder ao reintegro das cantidades percibidas.

Por causa xustificada, poderá accederse a petición que se formule polos beneficiarios, sobre modificación total ou parcial da actuación programada e que, no seu caso, non poida ser executada de forma orixinaria, e a súa resolución será adoptada polo mesmo Órgano que outorgou a subvención.

BASE 19.- Outras disposicións

No non previsto nestas "BASES" estarase ao disposto en

- a) A Lei estatal 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións
- b) R. D. 887/06, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Subvencións.
- c) Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia
- d) A Ordenanza xeral de subvencións da Excma. Deputación Provincial de Lugo, aprobada por acordo do Pleno de data 28 de febreiro de 2005.
- e) O Regulamento Orgánico da Deputación
- f) Bases de execución do orzamento e a normativa sobre delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da concesión.